

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 5 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,15 horas do día cinco de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1242).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1243).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A VALORIZACIÓN DA MISTURA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DA CIDADE DE VIGO COA MERCANTIL SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (SOGAMA). EXPTE. 3352/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Limpeza, de data 6.09.2012, conformado polo concelleiro delegado de

área, co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica, do 3.09.2012, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro, do 10.09.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º Autoriza-lo gasto de 39.155.223,50€ para a execución do contrato da valorización da mistura dos residuos municipais da cidade de Vigo, que se distribúe nas seguintes anualidades:

- **Ano 2012:** 1.957.761,17 €
- **Ano 2013:** 7.831.044,70 €
- **Ano 2014:** 7.831.044,70 €
- **Ano 2015:** 7.831.044,70 €
- **Ano 2016:** 7.831.044,70 €
- **Ano 2017:** 5.873.283,53 €

Os compromisos económicos derivados da presente contratación imputaranse á aplicación presupostaria 1620..2270016 “verquidos e tratamento do lixo (SOGAMA)”.

2º Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas para a contratación da valorización da mistura dos residuos municipais da cidade de Vigo coa mercantil Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA), polo procedemento negociado sen publicidade.

3º Solicitar a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) oferta para a execución do contrato.

3(1244).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9116/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 19.09.2012, conformado polo concelleiro delegado de área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 27.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 2.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración, con CIF: G36861078, para a realización de actividades de interese para a cidadanía viguesa en materia de loita coa exclusión sociolaboral así como nas actividades de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás persoas residentes nas zonas de actuación, así como o coidado e mantemento das instalacións do pavillón de Teis.
- Autorizar o gasto de 192.400,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.2279910 “Convenios Plan de Emprego Municipal” de 96.200,00 € no ano 2012 e 96.200,00 € no ano 2013, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

4(1245).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO (FAIMEVI). AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 9102/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, de data 12.09.2012, conformado polo concelleiro delegado de área, co informe xurídico do secretario de Admón. Municipal, do 26.09.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 2.10.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FUNDACIÓN Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), con CIF: G36921278, sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, mellorando, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa, así como optimizar en todo momento a súa economía da nosa cidade, as políticas de aforro, a eficiencia enerxética e a promoción das fontes renovables de enerxía.
- Autorizar o gasto de 180.000,00 € (90.000,00 € se imputarán ao exercicio de 2012 e 90.000,00 € se imputarán ao exercicio de 2013) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 2279910 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXIA DE VIGO (FAIMEVI) PARA A POTENCIACIÓN DO USO RACIONAL DOS RECURSOS ENERXETICOS

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, D. Bernardo Parajó Calvo co DNI 52450175D en calidade de Director da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, facultado polo Padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo en xuntanza mantida o 28 de xuño de 2012, con domicilio social en Rúa Oporto, 1 – 1º 36201 de VIGO e CIF G36921278.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.

Deste xeito, Concello de Vigo a través do Plan Municipal de Emprego 2012, promove a formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego e mellorando, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa, así como optimizar en todo momento a súa economía, as políticas de aforro, a eficiencia enerxética e a promoción das fontes renovables de enerxía.

Para acadar esta optimización de recursos, así como a normativa a aplicar, FAIMEVI, propón a contratación de 14 profesionais para a realización da redacción dunha ordenanza municipal para contemplar as medidas en relación con vehículos de mobilidade eléctrica, con baixas o nulas emisións, elaborar unha páxina Web para a supervisión remota das instalacións xeradoras da enerxía renovable e dos edificios municipais dentro da estratexia do SMART CITY, así como levar a cabo auditorias enerxéticas en edificios e instalacións municipais, levar a cabo actividades de concienciación, información e comunicación do uso racional da enerxía e das fontes renovables, así como a xestión das redes sociais corporativas.

Todas estas actividades propostas por FAIMEVI considéranse accións de interese para a nosa cidade, promovendo o uso racional dos medios enerxéticos, fomentando políticas de aforro, eficiencia enerxética e da promoción das fontes renovables de enerxía.

SEGUNDO: Polo anteriormente exposto, o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións, desexa promover e colaborar coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo que expresa a súa intención de participar activamente dentro do marco do Plan Municipal de Emprego.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)

ACORDAN

PRIMEIRO

O presente convenio suscríbese co obxectivo de artellar a colaboración entre o Concello de Vigo e FAIMEVI nas actividades de redacción dunha ordenanza municipal para contemplar as medidas en relación con vehículos de mobilidade eléctrica, con baixas o nulas emisións, elaborar unha páxina Web para a supervisión remota das instalacións xeradoras da enerxía renovable e dos edificios municipais dentro da estratexia do SMART CITY, levar a cabo auditorias enerxéticas en edificios e instalacións municipais, levar a cabo actividades de concienciación, información e comunicación do uso racional da enerxía e das fontes renovables, así como a xestión das redes sociais corporativas.

Así mesmo o encadrarse dentro do Plan Municipal de Emprego 2012 ten por obxecto establecer un marco de colaboración para promover as contratacións facilitándolles os traballadores seleccionados a adquisición de experiencia laboral relacionada co uso e fomento das enerxías renovables e a eficiencia enerxética.

SEGUNDO

Corresponderalle a FAIMEVI a planificación e organización das actividades a desenvolver sempre co acordo do servizo xestor (a concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado).

TERCEIRO

A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo contratará a 14 profesionais para a realización dunha ordenanza municipal para contemplar medidas de discriminación positiva en relación coa mobilidade eléctrica, e en xeral, dos vehículos de baixas ou nulas emisións, diseña unha páxina Web para a supervisión remota das instalacións de xeración renovable e dos edificios municipais dentro da estratexia do Smart City, realizará tamén unha auditoría enerxética do edificio do Concello de Vigo, así como levará a cabo actividades de comunicación en materia do uso racional da enerxía e das fontes renovables, e fará tantas outras accións sexan necesarias para levar a cabo o presente convenio.

Así mesmo proporcionaralle ás/os profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito das enerxías renovables. O Concello de Vigo figurará adecuadamente en tódalas actuacións publicitarias e de difusión que se realicen, aparecendo expresamente co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador, FAIMEVI, terá que aportar probas deste material co logotipo oficial con anterioridade a súa impresión para conformidade do Concello de Vigo.

CUARTO

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe de 180.000,00 € (90.000,00 € se imputarán ao exercicio de 2012 e 90.000,00 € se imputarán ao exercicio de 2013) como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.2279910 "Convenios Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas, colaborando na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas. O pago a FAIMEVI realizarase contra a presentación da memoria de avaliación das actividades realizadas.

No referido ó pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades, motivo do presente convenio, a entidade poderá solicitar un anticipo a conta de ata un 50% do montante total, previa solicitude o Concello de Vigo e previa xustificación do destino dos fondos solicitados e da necesidade financeira dos mesmos. O restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade das accións que figuran neste convenio de colaboración.

QUINTO

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio con FAIMEVI, deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente Convenio coas seguintes especificacións:

1. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas

facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

2. En relación coas retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Copia autenticada do contrato.
 - Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
 - Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
 - Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.
3. Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.
4. Serán gastos admitibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.
5. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.
6. Antes de proceder ao pago da axuda a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable.
7. A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas
8. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte de FAIMEVI, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

SEXTO

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, Tres vocais Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dous membros da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

SÉTIMO

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, dende o día 1 de outubro de 2012 ata o 31 de marzo de 2013 data de finalización do presente convenio. O incumprimento do especificado nos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaránse esa intención cunha antelación de 15 días.

OITAVO

A colaboración do Concello de Vigo non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) no desenvolvemento das actividades indicadas.

NOVENO

A xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, en Vigo, _____ de 2012.

5(1246).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS SUBSCRITO CON SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A.. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 67355/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, de data 20.09.2012, conformado polo Asesor Xurídico da área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado da área e co conforme do Interventor Xeral, do 2.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a prorroga do vixente “contrato de aluguer de maquinaria para o servizos de Vías e Obras do Concello de Vigo” (expediente 274-440), subscrito con Sercosya Proyectos y Obras S.A. (CIF: A-36319622), con data de sinatura 14 de outubro de 2010, polo período comprendido entre o 14 de outubro de 2012 ao 13 de outubro de 2013, nas condicións previstas no devandito contrato, e por un prezo máximo de 424.800 €, do que 73.725.62 € corresponden ao 21 % de IVE, co seguinte desglose de anualidades:

2012 (14 de outubro de 2012 a 31 de decembro de 2012):	141.600,00 €.
2013 (1 de xaneiro de 2013 a 13 de outubro de 2013):	283.200,00 €.

SEGUNDO: Aprobar o gasto para o período comprendido entre o 14 de outubro de 2012 ao 31 de decembro de 2012, por importe de 141.600 € con cargo a aplicación orzamentaria 1550.210.00.00 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO: Comprometer, para á súa inclusión no próximo orzamento de 2013 a cantidade de 283.200 €.

O anterior compromiso de gasto e o propio contrato quedan condicionados a que o seu importe se inclúa nos orzamentos do exercicio 2013. Será condición suspensiva o, no seu caso, resolutoria do contrato a non inclusión do crédito comprometido para o gasto no orzamento do próximo exercicio.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9,20 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.